

IES “CASTRO DE BARONCELI”

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO RELIXIÓN CATÓLICA

CURSO 2022-2023

ESO

ÍNDICE	Páxina
1.- Introducción e contextualización	4
2.- Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución, competencias claves, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	5-35
3.- Metodoloxía didáctica, estratexias, adquisición das Competencias, organización e recursos didácticos.....	35-39
4.- Atención á diversidade	39
5.- Procedementos para a avaliación inicial	39-40
6.- Procedementos de avaliación continua	40-41
7.- Procedemento de avaliación extraordinaria	41
8.- Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes	41
9.- Plan anual de lectura. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e amellora da expresión escrita	41-43
10.- Estratexias para a incorporación das TIC na aula	43-44
11.- Indicadores de logros para avaliar o proceso de ensino e a practica docente	44
10.- Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica	44-45

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A ensinanza relixiosa contribúe á calidade da educación que preconiza a LOMCE co desenvolvemento do currículo propio. Este currículo constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá adecuada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo.

A sínteses da mensaxe cristiá que se presenta no currículo, fundamenta e motiva os valores e actitudes básicas e favorece hábitos de comportamento. Con todo, preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas a súa idade e no tempo de cada etapa.

Non pode existir unha formación integral da persoa e, polo tanto, unha educación de calidade, senón se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales encóntrase constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica, adquire o seu auténtico cumprimento na procura do derradeiro sentido da vida.

Enraizada no máis profundo do ser humano, o alumno vai descubríndoa nos símbolos e signos da súa contorna, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesús Cristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

A ensinanza relixiosa católica estrutúrase a partires de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas: a dimensión cultural e histórica, a dimensión humanizadora, a dimensión ético-moral e a epistemolóxica. Estas dimensión aportan elementos as competencias básicas e orientan e clarifican as competencias e capacidades da materia de relixión católica.

A dimensión cultural e histórica está presente na ensinanza relixiosa, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico que gran parte da sociedade recibe do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.

O alumno non só vai coñecer, senón que comprenderá e asumirá os valores que leva consigo o coñecemento do feito relixiosos na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A dimensión ético-moral explicita as esixencias moral que leva consigo a mensaxe cristiá. Na relixión católica ofrécese unha determinada maneira de ver a vida, en cuxa base encóntrase o concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas , e unha escala de principios e valores.

A dimensión humanizadora na ensinanza relixiosa faculta ao alumno para dar resposta os seus interrogantes máis radicais, facendo posíbel, a súa vez, a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. Como referente neste sentido está o testemuño de homes e mulleres santos en toda a historia.

A dimensión epistemolóxica preséntase co carácter científico co que se abordan as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos teñen unha base e unha metodoloxía científica propia, implantados na nosa contorna cultural.

A síntese teolóxica é unha dimensión básica e, a súa vez, o obxectivo xeral que se irá desenvolvendo e aplicándose en cada etapa e cursos con referencia a cada un dos núcleos temáticos que conforman a síntese teolóxica: o fenómeno relixioso, a cultura e historia da relixión, a Biblia, Deus Pai, Xesús Cristo, o Espírito Santo, a igrexa, os sacramentos, a liturxia, a vida cristiá, a moral e valores, a virxe María e a escatoloxía.

A partires destas dimensións concretamos e desenvolvemos as competencias específicas da materia de relixión, a competencia cultural e histórica, a competencia humanizadora, a competencia ético-moral, a competencia epistemolóxica e a do sentido transcendente, contribuindo, a súa vez ás competencias básicas comúns a todas as materias do currículo do alumno.

2.-VINCULACIÓN ENTRE OBEXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DA CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVES, ELEMENTOS TRAVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFACIÓN

2.1 OBEXECTIVOS XERAIS DA ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade entre homes e mulleres, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñen discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e de confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis lingua estranxeira de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a practica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para

o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas.

2.2 OBXECTIVO XERAIS DA MATERIA DE RELIXIÓN E RELACIÓN COAS COMPETENCIAS

1.- Coñecer de maneira básica os elementos do fenómeno relixioso. Identificar a estrutura común nas relixións de maior vixencia.

(Competencia cultural e histórica, social e cívica, competencia humanizadora)

2.- Coñecer o significado dos signos e símbolos relixiosos máis relevantes, con especial atención aos sacramentos e as prácticas relixiosas máis estendidas na súa contorna.

(Competencia cultural histórica, competencia social e cívica, aprender a aprender)

3.- Coñecer a biblia, na súa orixe, estrutura, finalidade e interpretación como expresión do amor de Deus e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes.

(Competencia epistemolóxica, competencia cultural histórica, comunicación lingüística)

4.- Comprender os contidos da mensaxe cristiá que fundamenta a concepción do ser humano como un ser creado por Deus e destinado a ser fillo seu.

(Competencia humanizadora, competencia cultural e histórica, iniciativa persoal)

5.- Identificar a Xesús Cristo como Fillo de Deus e salvador dos homes. Coñecer e valorar a súa misión, mensaxe, vida e a súa presenza permanente na igrexa polo Espírito Santo.

(Competencia epistemolóxica, competencia humanizadora, competencia para a síntese teolóxica)

6.- Comprender e valorar o sentido e finalidade da igrexa como institución ao servizo da humanidade e salvación que Cristo ofrece ao ser humano.

(Competencia humanizadora, competencia sobre a cosmovisión cristiá, sentido e transcendencia)

7.- Coñecer e apreciar os valores e virtudes xeradas na mensaxe e acontecemento cristián, que se realiza na igrexa.

(Competencia humanizadora, competencia ético-moral, aprender a aprender)

8.- Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo e o carácter celebrativo de cada un dos sacramentos.

(Competencia epistemolóxica, competencia para unha síntese teolóxica. Competencia de sentido e transcendencia)

9.- Recoñecer os fundamentos racionais e revelados que xustifican a ensinanza moral da igrexa católica, e e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo e cos outros.

(Competencia humanizadora, competencia ético moral, sentido e transcendencia)

10.- Fundamentar o significado cristián da tolerancia, participación, responsabilidade e solidariedade na doutrina cristiá, aplicándoos as situacións sociais: traballo, xogo, familia, amigos...

(Competencia humanizadora, competencia lingüística, ético moral)

11.- Descubrir os valores, testemuños dos santos e o servizo da igrexa nos fitos máis importantes da historia.

(Competencia para a iniciativa persoal, social e cívica, competencia lingüística)

12.- Identificar os textos fundamentais da fe católica que constitúen o núcleo da mensaxe cristiá.

(competencia para unha síntese teolóxica. Competencia para unha cosmovisión cristiá. Aprender a aprender)

2.3 CONTIDOS

Os contidos desenvólvense en catro bloques que recollen o saber antropolóxico cristián acumulado ao longo dos séculos. Os bloques parten do sentido relixioso do home, continúan

co estudo da revelación; Deus manifestase ao home e faino nunha historia concreta, con personaxes e situacións que o alumno debe coñecer e que contribuirán a comprensión do mundo. Dita revelación culmina en Xesús Cristo e a mensaxe evanxélico, centro do terceiro bloque e eixe vertebrador da materia. Por último, estúdase a igrexa como manifestación da presenza continuada de Xesús Cristo na historia.

Os contidos procedementais son os seguintes:

- 1.- Observación da realidade: o feito relixioso nace da apertura do ser humano á totalidade da realidade. A materia de relixión pretende colaborar na formación da dimensión natural que nace do asombro ante o real e que nos empuxa as preguntas derradeiras sobre o sentido. Observar require dunhas disposicións que non eludan as dimensións espirituais da realidade.
- 2.- Procura de información, manexo e interpretación das fontes bíblicas. O estudo do cristianismo require o manexo das Sagradas escrituras e textos referido ás mesmas que forman un corpus teolóxico acumulado ao longo da historia
- 3.- Reflexión crítica: o desenvolvemento da materia axuda a coñecer a xénese das ideas dominantes, a detectar prexuízos fronte a verdade, a examinar con profundidade as propias ideas e sentimentos fundamentais
- 4.- Exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas. A materia de relixión contribúe á formación de competencias que permitan expoñer e defender a racionalización das propias crenzas relixiosas e respectos polas alleas.

Contidos actitudinais:

A consecución destes contidos permite coñecer e apreciar os valores e normas básicas de convivencia; desenvolver hábitos de traballo e esforzo e de responsabilidade no estudo; a confianza en si mesmo para un desenvolvemento adecuado da personalidade. Tamén favorece a adquisición de habilidade para a prevención e resolución pacífica de todo tipo de conflitos e o coñecemento, comprensión e respecto das diferentes culturas, a diferenza entre persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación.

2.4 ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES EN RELACIÓN COAS DISTINTAS UNIDADES

SEGUNDO CURSO

1. Elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa linguaxe. A procura de Deus e a expresión relixiosa e cultural das relixións máis actuais.
2. As respostas cristiás ás grandes preguntas do home. O sentido da transcendencia. O sentido da vida.
3. Consecuencias da rotura do home con Deus. O mal e o pecado.
4. O misterio de Xesús Cristo, verdadeiro Deus e home, Mediador noso. A Encarnación, Morte e Resurrección de Xesús.
5. Xesús Cristo revela ao home a súa orixe, condición e destino como fillo de Deus, ofrecendo un modelo novo para a vida do home.
6. A santidad como meta de todo cristián. A fe e o seguimento de Xesús á luz da súa palabra.
7. Concepción cristiá da vida. Ordenación da actividade humana ao ben da creación
8. A confesión de fe nas primeiras comunidades cristiás unha necesidade da súa experiencia eclesial.
9. O misterio da presenza viva de Deus na igrexa, sacramento universal de salvación. A igrexa continúa a obra de Xesús Cristo, animada polo Espírito Santo. O sacramento da

reconciliación.

10. Os mandamentos, a alianza de Deus cos homes.
11. A moral cristiá na procura da verdade e autenticidade persoal. A veracidade e os medios de comunicación.
12. A moral da vida humana e problemática actual:manipulación xenética, aborto, eutanasia, pena de morte, drogas e alcoholismo.
13. A sexualidade, o seu sentido e finalidade no proxecto de Deus creador. valor integrador da sexualidade como don de Deus. Respecto e valoración de ambos sexos.
14. O sacramento do matrimonio como servizo á humanidade. A moral do sacramento. Responsabilidade educativa da familia. O divorcio e a súa problemática.
15. María no misterio de Cristo, o seu amor, fe e esperanza. Modelo de crente.
16. O destino derradeiro do home e a civilización do amor: Deus promete un ceo novo e unha terra nova.

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2, 3
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. O sentido relixioso do home		
Unidade 1: A persoa é criatura de Deus. - A orixe do ser humano - A persoa é un ser libre e intelixente - Todos temos os mesmos dereitos	Unidade 1 1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais. 2. Relacionar a condición de criatura coa orixe divina. 3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus	Unidade 1 I.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano en relación cos outros seres vivos (CCL, CAA, CSC). I.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano (CCL, CSC, CSIEE). I.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc (CAA, CSC, CSIEE)
Unidade 2: Somos artifices da Creación. - Colaboradores de Deus na Creación - Coidando a «casa común»	Unidade 2 4.Entender o sentido e a finalidade da acción humana.	Unidade 2 I.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación (CSC, CSIEE, CCEC). I.4.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo (CMCCT, CSIEE).
Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		

<p>Unidade 3: A fe axúdanos a coñecer os plans de Deus.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deus revélase ao ser humano - Que plan ten Deus para nós? - As persoas responden a Deus coa fe 	<p style="text-align: center;">Unidade 3</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia. 2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus. 	<p style="text-align: center;">Unidade 3</p> <p>II.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles (CCL, CAA, CCEC).</p> <p>II.2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela (CCL, CAA, CCEC).</p>
---	---	--

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 4, 5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III. Xesús Cristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>Unidade 4: Deus fálanos na Biblia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Biblia é un libro moi especial - A Biblia é Palabra de Deus en linguaxe humana - A Biblia é moito máis que palabras 	<p style="text-align: center;">Unidade 4</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. 2. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa ao redor da interpretación bíblica. 3. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico 	<p style="text-align: center;">Unidade 4</p> <p>II.3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sacros amosando interese pola súa orixe divina (CCL, CCEC).</p> <p>II.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios (CCL, CSIEE).</p> <p>II.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos (CCL, CAA, CSC).</p> <p>II.5.2. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sacros do autor divino e do autor humano (CCL, CAA)</p>
Bloque III. Xesús Cristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>Unidade 5: Xesús é a imaxe do amor do Pai.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deus revélase en Xesús - A persoa, imaxe do Deus-Amor 	<p style="text-align: center;">Unidade 5</p> <ol style="list-style-type: none"> 4. Amosar interese por recoñecer o carácter relacional da Divindade na revelación de Xesús. 5. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana. 	<p style="text-align: center;">Unidade 5</p> <p>III.1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián (CCL, CCEC).</p> <p>III.1.2. Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián (CCL, CD, CAA, CCEC).</p>

		III.2.1. Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus (CCL, CAA, CSC, CCEC).
--	--	---

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades: 6, 7
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV. Permanencia de Xesús Cristo na historia: a Igrexa		
Unidade 6: No Credo atopamos as razóns da nosa fe. - O Credo é un símbolo que irmanda os cristiáns - O Credo resume a fe cristiá	Unidade 6 1. Descubrir o carácter histórico da formulación de Credo cristián. 2. Recoñecer as verdades da fe cristiá presentes no Credo	Unidade 6 III.3.1. Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo (CD, CSIEE). III.4.1. Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado (CCL, CAA).
Unidade 7: A Igrexa de Xesús non coñece fronteiras. - Do pequeno nace algo grande - No nome de Xesús - De Palestina aos confíns da Terra - Unha Igrexa universal	Unidade 7 3. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás. 4. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica	Unidade 7 IV.1.1. Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características(CCL, CMCCT, CSC, CAA). IV.1.2. Reconstrúe o itinerario das viaxes de san Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán (CCL, CMCCT, CD, CAA, CSIEE, CCEC). IV.2.1. Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa (CCL, CAA, CCEC). IV.2.2. Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa (CD, CSIEE, CCEC).

CUARTO CURSO

1. A vida e obra de Xesús Cristo a través das fontes históricas dos seus feitos e o análise bíblico.
2. A fe en Deus e a resposta dos cristiáns á persoa de Xesús Cristo. Razóns para crer e actitude dos crentes. Os valores e virtudes que xorden de Xesús e a graza de Deus.
3. O dinamismo da fe como don e graza de Deus. Encontrar a Xesús Cristo, o home novo, o sentido da vida.
4. Razo a valor do don de Deus da liberdade para poder optar pola verdade, o ben e a responsabilidade dos propios actos.
5. O misterio Trinitario, Deus, misterio de comunión. A doutrina trinitaria. Fundamentación bíblica.
6. A igrexa como pobo de Deus. Os carismas e ministerios desenvolven a misión da igrexa pola acción do espírito Santo
7. Sentido da presenza e realización das notas da igrexa ao longo da historia.
8. Valores e virtudes dos Santos no cristianismo durante o Renacemento e o Barroco: a importancia da universidade: Duns Scoto, S. Anselmo, Sto. Tomás. A Reforma Protestante. Trento e a Reforma Católica. Novas ordes relixiosas. Grandes Santos e místicos españois: Sta. Tereixa de Xesús, S. Xoán da Cruz, S. Ignacio de Loiola.
9. O servizo da igrexa na evanxelización do Novo Mundo: a defensa dos indios e as reducións de Paraguai.
10. A acción da igrexa no mundo contemporáneo. O conflito fe-razón. A preocupación pola cuestión social. As novas ordes relixiosas pioneiras na educación, sanidade e a asistencia. Grandes educadores cristiáns. A expansión misioneira e a presenza da igrexa no “cuarto mundo”. Ciencia e relixión.
11. A modernidade e a renovación interior da igrexa contemporánea: o Concilio Vaticano II: liñas mestras das Constitucións. O Holocausto. Xudaísmo e Islam contemporáneos: tradición e modernidade.
12. A influencia da relixión na configuración da historia e cultura española.
13. A unción dos enfermos. E xuízo e o destino derradeiro. A resurrección de Xesús e Asunción da Virxe como esperanza para os cristiáns na vida eterna.

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2 e 3
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I: O sentido relixioso do home		
Unidade 1: As relixións son propostas de sentido -A nosa vida está chea de interrogantes. -As relixións: procura do sentido da vida. -As relixións son moi diversas. -A relixión propón unha vida comprometida cos demais	Unidade 1 1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións.	Unidade 1 I.1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas (CCL, CD,CAA, CCEC). I.1.2 Busca información e preséntalle ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido (CCL, CAA, CCEC)
Bloque II: A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 2: Deus dáse a coñecer na historia -Plenitude na experiencia	Unidade 2 1. Comparar e distinguir a intervención de Deus na	Unidade 2 I.2.1 Razo a por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa (CCL,

<p>religiosa: a revelación de Deus na historia. -Xesús é a revelación definitiva de Deus.</p> <p>Unidade 3: Deus é sempre fiel coas persoas</p> <p>-A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. -O Deus da Alianza. -A fidelidade é vivir no amor</p>	<p>historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido.</p> <p>Unidade 3</p> <p>2. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia.</p>	<p>CAA). I.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións (CCL, CSC, CSIEE, CCEC).</p> <p>Unidade 3</p> <p>II.1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel (CAA, CCEC). II.1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus (CAA, CSIEE).</p>
--	--	---

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 4,5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III: Xesús Cristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>Unidade 4: Xesús é o servidor de Deus</p> <p>-A figura mesiánica do Servo de lavé. -A esperanza mesiánica. -Xesús é o Mesías.</p> <p>Unidade 5: Xesús chama a colaborar na súa misión</p> <p>-A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade. -Ser testemuñas de Xesús hoxe</p>	<p>Unidade 4</p> <p>1. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías que sofre e o Mesías político.</p> <p>Unidade 5</p> <p>2. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa. 3. Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión</p>	<p>Unidade 4</p> <p>II.2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías que sofre e o Mesías político(CCL, CCEC). II.2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías que sofre como criterio de vida (CAA, CSC).</p> <p>Unidade 5</p> <p>III.1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús (CCL, CAA). III.2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús (CCL, CSC). III.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús (CCL, CSC, CSIEE)</p>

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades: 6, 7
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV. Permanencia de Xesús Cristo na historia: a Igrexa		
<p>Unidade 6: Ser cristián é vivir en plenitude</p>	<p>Unidade 6</p> <p>1. Descubrir e valorar que</p>	<p>Unidade 6</p> <p>IV.1.1 Elabora xuízos a partir de</p>

<p>-A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. -A persoa, un ser en construción. -Ser cristián: unha maneira de vivir. -É importante amar ben.</p> <p>Unidade 7: A igrexa constrúe a civilización do amor</p> <p>-Xesús, a autoridade como servizo. -A autoridade eclesial ao servizo da verdade. -A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.</p>	<p>Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa.</p> <p>Unidade 7</p> <p>2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade. 3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.</p>	<p>testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade (CCL, CAA, CSIEE, CCEC). IV.1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen (CAA, CSC, CSIEE). IV.1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefire a que recoñece como máis humana (CAA, CSC, CC3C).</p> <p>Unidade 7</p> <p>IV.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade (CCL, CAA, CSC). IV.2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño (CAA, CSC, CCEC). IV.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano (CCL, CSIEE, CCEC). IV.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor (CCL, CAA, CSC, CSIEE, CCEC).</p>
--	--	--

2.5.- ESTRUCTURACIÓN DOS CONTIDOS E TEMPORIZACIÓN

Os contidos das unidades didácticas estrutúranse nos seguintes apartados:

Cada unidade é a resposta a unha pregunta. As páxinas iniciais presentan o itinerario que segue a unidade.

Cada unidade estrutúrase en diversos apartados de unha ou dúas páxinas que finaliza cunha serie de actividades.

No apartado muros da luz: A partir das pinturas murais sobre a historia da salvación que se ofrece en CD, traballo bíblico e de interioridade

No apartado aprende a...: traballo individualizado ou cooperativo de diversos procedementos útiles para desenvolver algunhas competencias

Apartado testemuño: preséntase a experiencia de fe e de compromiso dalgún cristián ou cristiá.

Na última páxina de cada unidade, as actividades de avaliación apuntan a unha ou a diversas competencias

No apartado os 7 dons do Espírito Santo: reflexións, imaxes e actividades de contido bíblico, reflexivo e experiencial a partir dos 7 regalos que a tradición cristiá identifica cos dons do Espírito santo.

Anexo finais: glosario de termos coa súa definición, textos bíblicos citados nas actividades,

imaxes artísticas.

SEGUNDO CURSO	
UNIDADES	TEMPORIZACIÓN
1º A persoa é criatura de Deus	2 Sesións
2º Somos artífices da creación	5 Sesións
3º A fe axúdanos a coñecer os plans de Deus	5 Sesións
	} 1º Trimestre
4º Deus fálanos na Biblia	5 Sesións
5º Xesús é a imaxe do amor do Pai	5 sesións
	} 2º Trimestre
6º No credo atopamos a razón da nosa fe	5 Sesión
7º A igrexa de Xesús non coñece fronteiras	5 sesións
	} 3º Trimestre

CUARTO CURSO	
UNIDADES	TEMPORIZACIÓN
1º As relixións son propostas de sentido	3 Sesións
2º Deus dáse a coñecer na historia	5 Sesións
3º Deus é sempre fiel coas persoas	5 Sesións
	} 1º Trimestre
4º Xesús é o servidor de Deus	5 Sesións
5º Xesús chama a colaborar na súa misión	5 sesións
	} 2º Trimestre
6º Ser cristián é vivir en plenitude	5 Sesión
7º A Igrexa constrúe a civilización do amor	5 Sesións
	} 3º Trimestre

2.6 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

SEGUNDO CURSO

PRIMEIRO TRIMESTRE: Bloques I e II, Unidades 1, 2 e 3				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESEMPEÑO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
I.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano con relación cos outros seres vivos. (CCL, CAA, CSC)	Entende a dignidade humana, pero non a relaciona coa dos outros seres vivos	Atopa argumentos básicos sobre a dignidade humana en relación coa dos outros seres vivos.	Argumenta correctamente a dignidade dos seres humanos, á vez que a das outras criaturas.	Expón con claridade, exemplos e reflexións orixinais a relación da dignidade humana coa dos outros seres vivos.
I.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a	Os seus argumentos son pobres e debate de modo	Expón correctamente as súas ideas sobre a orixe do ser	Propón e defende xustificadamente a súa opinión sobre a orixe do ser	Debate de forma respectuosa, achegando motivos de reflexión e

orixe do ser humano. (CCL, CSC, CSIEE)	desordenado sobre a orixe do ser humano.	humano, aínda que non atope xustificacións sólidas.	humano	xustificando as súas propostas por medio de argumentos sólidos.
I.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. (CAA, CSC, CSIEE)	Ten dificultades para entender que a dignidade humana lle é inherente e faina depender das súas circunstancias	Valora a dignidade dos seres humanos independentemente das súas capacidades nalgunhas situacións, pero non en todas.	Entende e expresa a través de exemplos a inherencia da dignidade dos seres humanos, sen ter en conta as súas capacidades ou a ausencia delas.	Comprende, exemplifica e reflexiona sobre a idea de que a dignidade humana lle é propia, sen ter en conta as súas capacidades. É capaz de xerar interese nos seus compañeiros cos seus exemplos e asume na súa vida diaria esta actitude
I.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. (CSC, CSIEE, CCEC)	Resúltalle difícil clasificar as actividades humanas segundo destrúan ou respecten a creación.	Pode clasificar algunhas accións do ser humano como respectuosas ou destrutivas coa creación.	Identifica correctamente as actividades humanas que contribúen a respectar ou a destruír a creación	Rexistra, identifica e clasifica actividades do ser humano que respectan a creación e contrástaas con aquelas que a destrúen, e reflexiona sobre este feito.
I.4.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo. (CMCCT, CSIEE)	Amosa pouco interese en participar na actividade en grupo para establecer un plan de colaboración co seu centro educativo e a súa achega é escasa ou nula.	Participa na dinámica do grupo e comparte as súas ideas acerca das necesidades e as posibles solucións.	Achega ideas innovadoras e apoia as dos compañeiros e compañeiras para establecer un plan de colaboración interesante e realista	Comparte as súas ideas e respecta e impulsa as dos seus compañeiros e compañeiras, dirixindo activamente as propostas de colaboración, que se pon en marcha co seu esforzo e o das demais persoas do grupo.
II.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles. (CCL, CAA, CCEC)	Cústalle traballo atopar personaxes significativos e non identifica correctamente a súa resposta de fe.	Elixen algúns personaxes destacados do pobo de Israel e identifica a súa resposta de fe.	Distingue os personaxes máis significativos do pobo de Israel e sabe expor a súa resposta de fe, realizando unha análise básica dela.	Realiza unha selección meditada dos personaxes significativos do pobo de Israel e analiza a súa resposta de fe baseándose en coñecementos previos e na súa propia reflexión.
II.2.1. Interésase	Demostra pouco	Amosa interese por	Interésase pola	Demostra coñecer

por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela. (CAA, CSIEE, CCEC)	ou ningún interese por coñecer a resposta de fe ao Deus revelado.	coñecer e valora a resposta de fe ao Deus revelado, pero non afonda niso.	resposta de fe ao Deus que se revela e valora esa resposta na medida dos seus coñecementos e experiencias.	a resposta de fe ao Deus revelado e valora a resposta, reflectíndoa claramente de palabra e de obra.
---	---	---	--	--

SEGUNDO TRIMESTRE: Bloque II e III, Unidades 4 e 5				
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	NIVEIS DE DESEMPEÑO			
	1 Pouco adecuado	2 Adecuado	3 Moi adecuado	4 Excelente
II.3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados amosando interese pola súa orixe divina. (CCL, CCEC)	Resúltalle dificultoso atopar as características fundamentais dos Libros Sagrados e non amosa interese pola súa orixe divina.	Identifica as características máis importantes dos Libros Sagrados e acepta que a súa orixe é divina.	Atopa os principais trazos dos Libros Sagrados, compáraos e organízalos, interesándose pola súa condición de verdade revelada	Selecciona e clasifica adecuadamente e compara de forma construtiva os elementos definitorios dos Libros Sagrados. Realiza este labor asumindo e xustificando nela a orixe divina das Escrituras.
II.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. (CCL, CSIEE)	Le a <i>Dei Verbum</i> , pero é incapaz de localizar nela os criterios referentes á interpretación da Biblia.	Tras a lectura da <i>Dei Verbum</i> , é capaz de localizar os criterios sobre a interpretación da Biblia.	Ao ler a <i>Dei Verbum</i> atopa e selecciona de forma esquemática os elementos que se refiren á interpretación bíblica	Analiza a <i>Dei Verbum</i> de maneira que pode localizar os criterios sobre a interpretación da Biblia, selecciónalos de forma coherente e esquematízalos para a súa mellor comprensión e aplicación.
II.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. (CCL, CAA, CSC)	Identifica vagamente a presenza de Deus nos textos bíblicos, pero ten dificultades para completar a selección e presentala de forma clara ante o grupo.	Recoñece a presenza de Deus en comunicación cos seres humanos nalgúns textos bíblicos e explícalle sucintamente ao grupo por que os elixiu.	Elixo pasaxes con interese para amosarlle a comunicación de Deus á humanidade e exponlle claramente ao grupo o porqué da súa selección.	Xustifica ante o grupo a súa selección de textos, de maneira que suscite o interese da clase e lles transmita, desde a súa reflexión, a importancia da presenza dun Deus que se comunica nos textos bíblicos seleccionados.
II.5.2. Coñece e xustifica por	Presenta unha xustificación	Entende que existen dous tipos	Coñece a existencia de autor humano e	Xustifica mediante exemplos e

escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano. (CCL, CAA)	insuficiente, ben sexa por falta de claridade ou por falta de propia comprensión da existencia das dúas autorías dos Libros Sagrados.	de autoría nos Libros Sagrados e xustifícao brevemente por escrito.	autor divino nas Sagradas Escrituras e pono por escrito de forma clara e adecuada.	reflexións maduras a existencia de dúas autorías nos Libros Sagrados, e entende e expón a súa importancia.
III.1.1. Coñece e describe as características do Deus cristián. (CCL, CCEC)	Cústalle traballo identificar trazos específicos do Deus cristián	Describe adecuadamente os trazos básicos do Deus cristián.	Demostra, por medio dunha descrición ampla e clara, o seu coñecemento das características do Deus cristián.	Na súa descrición dos trazos do Deus cristián apréciase non só coñecemento deles, senón tamén reflexión e interese.
III.1.2 Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián (CCL, CD, CAA, CCEC)	Identifica vagamente os trazos das divindades politeístas, pero ten dificultades para contrastalas coas características do Deus cristián de forma clara	Entende e identifica e os trazos das divindades politeístas e contrástaas, brevemente por escrito, coas características do Deus cristián	Atopa os principais trazos das divindades politeístas e compáraos, organízalos, e contrástaos coas características do Deus cristián	Selecciona e clasifica adecuadamente e compara de forma construtiva os trazos das divindades politeístas coas características do Deus cristián.
Participación e seguimento das clases	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e adecuación das intervencións. • Emprego dunha estrutura clara nas mensaxes. • Uso de vocabulario adecuado. • Comportamento en clase. • Interese e esforzo.
Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballar de forma colaborativa. • Comunicación adecuada cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese e motivación. • Iniciativa. • Opinión persoal e valoración crítica do traballo en cooperación.
Arquivo de traballo individual	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualización. • Xustificación dos traballos seleccionados no arquivo.

2.9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

SEGUNDO CURSO

1.- Coñecer e apreciar a importancia das relixións: budismo, islam e xudaísmo. A acción salvadora de Deus tamén se manifesta en algúns trazos das relixións.

2.- Identificar textos, representacións pictóricas, símbolos, ritos que manifestan que o home tivo e segue tendo unha incesante procura de Deus. En consecuencia, describir as preguntas

fundamentais que se fai o home nas que se enraíza o relixioso e sintetizar as respostas cristiás a esas preguntas.

3.- Saber dar resposta transcendente aos interrogantes de sentido que xorden ao longo da vida. Tomar conciencia do que significa para o home a procura de Deus na vida. A Deus hai que procuralo dende a persoa.

4.- Tomar conciencia da realidade do mal en cada persoa e na sociedade e das consecuencias que diso deriva, a hipocrisía, ambición, envexa, egoísmo... O pecado entraña unha ruptura con Deus e cos demais. Xesús denuncia o pecado e descobre que o home soamente pode recoñecerse pecador baixo a acción do Espírito Santo.

5.- Descubrir que dar sentido á vida fainos ser persoas novas nunha nova creación. Un mundo inaugurado por Xesús Cristo. Saber expresar que dende Xesús Cristo o amor é capaz de transformar as nosas vidas. Tomar conciencia da necesidade de conversión a nivel individual e social.

6.- saber que o Fillo do Home veu a servir e nese servizo ao home, que no fondo é amor, o home recupera o seu verdadeiro rostro. O paradoxo evanxélico é que o home humanízase servindo, é dicir, amando. E así cumpre a vontade de Deus, divinízase.

7.- Coñecer á luz dos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos como viven e se organizan as comunidades apostólicas con relación as comunidades actuais. Os cristiáns en plena persecución proclaman que Xesús é o Señor e Cristo. Escoitaban a Palabra, poñían todo en común e celebraban a fracción do pan.

8.- Valorar e aplicar as exixencias morais da mensaxe cristiá en cada acontecemento da vida. O mandamento novo de Xesús completa e eleva o sentido do Decálogo. O amor de Deus e ao próximo. O respecto á vida esténdese ao modo de relacionarse coas persoas e prohíbe todo atentado e dano ao ser humano. Todo home aberto ao ben e á verdade, aínda entre dificultades e inseguridades, coa luz da razón e non sen o influxo secreto da graza, pode chegar a descubrir na lei natural escrita no seu corazón o valor do sagrado da vida humana dende o seu inicio ata o seu remate, e afirmar o dereito de cada ser humano a ser respectado.

9.- Coñecer a importancia que ten no amor sexual a integración das dimensións físicas e psicoafectivas, o respecto mutuo e a proxección cara os demais. Coñecer o sentido da virxindade e a castidade. O matrimonio cristián é signo da unión de Cristo coa súa igrexa.

10.- Coñecer o fundamento e a xerarquización dos valores e virtudes cristiás, desenvolvendo a dimensión moral e social da personalidade do alumno/a.

11.- María é modelo de todo crente. É nai de Deus e Nai e imaxe da igrexa. Nela contemplamos, xa realizado, o proxecto de salvación de Deus.

12.- Descubrir que só Deus pode xulgar de verdade e que, para o que cre, o día do xuízo tamén de salvación porque elixiu vivir o amor. Considerar que, aínda que o plan de Deus para o mundo é que todos os homes se salven, o home pode dar un non definitivo a Deus.

CUARTO CURSO

1.- Saber dar resposta transcendente aos interrogantes de sentido que xorden ao longo da vida.

2.- Recoñecer, reflexionar e dialogar sobre as claves básicas da mensaxe cristiá segundo a idade con relación entre a fe e a razón, a fe e cultura, a fe e a vida.

3.- Recoñecer en Xesús Cristo salvador o modelo de home novo, proposto para todos os cristiáns. En Cristo volvemos a ser creados, encontrámonos de novo con nós mesmos. O misterio do home só se esclarece no misterio da Palabra feita home.

4.- Constatar a posibilidade de elixir o ben ou o mal polo feito de ser libres. Tomar conciencia de que Xesús trae a boa noticia do perdón e confía á igrexa o seu poder de perdoar os pecados polo sacramento da Penitencia. Xesús e o Pai acollen con amor ao pecador que recoñece a súa culpa e está en actitude de conversión.

5.- Afondar no misterio da Trindade. Deus é amor entre Persoas: o Paio, Fillo e Espírito Santo son tres persoas distintas realmente entre si pero un só Deus. A cada unha desas persoas atribúenselle acción específicas en favor de todos: o Pai é creador, o Fillo, o Salvador e o Espírito Santo santifica e está presente na igrexa.

6.- Coñecer e valorar que o crente vive a súa fe no medio do pobo, o Pobo de Deus. Este pobo ten un pasado: Israel, un presente: a igrexa, novo pobo de Deus e un futuro: a plenitude do Reino de Deus. Falar da igrexa como pobo de Deus é facer comprender que os cristiáns teñen por cabeza a Cristo e teñen o seu estilo de vida, conscientes da súa nova corresponsabilidade como protagonistas na vida da igrexa.

7.- Recoñecer a necesidade de reforma na xerarquía e nos fieis, S. XV-XVI, reforma protestante de Lutero, Calvino e a Reforma Católica con novos movementos, o Concilio de Trento coa renovación doutrinal e disciplinar e as novas ordes relixiosas, especialmente S. Ignacio de loiola e a Compañía de Xesús, Santa Treixa de Xesús e a reforma carmelita, S. Felipe Neri e o Oratorio. O cristianismo recobra o seu carácter evanxelizador coa evanxelización de América: franciscanos, dominicos, agustinos, xesuítas, mercedarios...

8.- Valorar a acción dialogante da igrexa ante a secularización da razón. O rexeitamento do dogma da igrexa. Novo modo de sociedade e de Estado derivado da Revolución francesa. Na igrexa xorden santos e institucións ao servizo da cultura: S. Vicente de Paul e Sta. Luísa de Marillac (Fillas da Caridade) S. Alfonso M^a de Ligorio, S. Francisco de Sales, Juan Bautista de Salle

9.- Coñecer e valorar nos S. XI-XX que se fragua unha profunda renovación. Florece a liturxia da igrexa, os segrares descubren a súa responsabilidade eclesial, xorden os movementos apostólicos segrares. Xorde un gran impulso evanxelizador. O Concilio Vaticano II, a visión da igrexa como Pobo de Deus: Lumen Gentium, Gaudium et Spes, Dei Verbum. A igrexa misterio de Salvación.

10.- Coñecer o sentido que Cristo dá á autoridade da igrexa: servizo e centro de unión, da comunión e da unidade na fe. A misión do papa, os bispos, presbíteros, diáconos e laicos da igrexa.

11.- Valorar e explicar as esixencias morais da mensaxe cristiá en cada acontecemento da vida.

12.- Valorar a misión da igrexa ao longo dos séculos. Recoñecemento das achegas que as súas ensinanzas deron a historia, de maneira especial nos seus Santos e Doutores.

13.- Recoñecer o fundamento e a xerarquización dos valores e virtudes cristiáns, desenvolvemento da dimensión moral e social da personalidade do alumno/a.

14.- Recoñecer a ansia profunda de infinito que aparece no ser humano. Descubrir o anhelo de Deus e o sentido da vida eterna. Comprender que a comunidade cristiá ten que estar atenta ás necesidades dos que padecen enfermidade e están próximos á morte. Xesús ofrece aos que sofren o sacramento da Unción. A Ascensión da Virxe María, fidelidade na fe e esperanza no encontro co Señor.

2.10.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Caderno cos exercicios
Exames de temas
Notas de aula

Actividades obrigatorias e voluntarias
Asistencia e puntualidade
Actitude na aula e participación
Varios (traballos monográficos....)

2.11.-ELEMENTOS TRAVERSAIS

Na Educación Secundaria Obrigatoria, elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias. Damesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. O ensino transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e en valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

SEGUNDO CURSO

- **Educación ambiental:** Respecto pola dignidade de todos os seres vivos, identificando e rexeitando as actitudes non-respectuosas coa Creación e propoñendo solucións aos problemas que lles afectan. Destácase a proposta do papa Francisco para promover unha ecoloxía integral.
- **Educación para a paz:** Interese e respecto polas tradicións culturais e relixiosas afastadas no espazo e no tempo. Afirmación dun espírito crítico que rexeite o uso das diferenzas relixiosas para fomentar discriminacións entre as persoas. Recóllese e estúdase a chamada do papa Francisco a non perder a oportunidade dos pequenos xestos de paz e de amizade que rompen coa violencia e o egoísmo.
- **Educación moral e cívica:** Valoración da loita pola liberdade das persoas e dos pobos, e valoración da necesidade de dotarse dunhas normas de comportamento.
- **Educación para a saúde:** Adquisición dun concepto integral de saúde, a exemplo de Xesús, que sanda a totalidade da persoa e a libera de todos os seus males e dos seus medos.
- **Educación para a igualdade de oportunidades:** Valoración da dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc.
- **Educación para a igualdade entre os sexos:** Reforzo do sentido de equidade buscando a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- **Educación do consumidor:** Respecto pola contorna, valorando e asumindo condutas de consumo responsable dentro da ecoloxía integral proposta polo papa Francisco.

CUARTO CURSO

Educación moral e cívica:

- Valoración das distintas modalidades de afectividade e respecto pola necesidade de sentirse amado que ten cada ser humano.
- Disposición a formarse unha conciencia moral.
- Disposición a recoñecer as actitudes que favorecen o encontro persoal cos demais.
- Recoñecemento dos valores cristiáns e da súa capacidade para influír na cultura actual.

Educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

- Comprensión das repercusións da mensaxe e a forma de actuar de Xesús, que anima aos cambios nas persoas coas que se atopa.
- Recoñecemento da universalidade da mensaxe cristiá.
- Valoración da figura de María, dotándoa de entidade propia dentro da mensaxe cristiá.

Educación do consumidor:

- Valoración das iniciativas solidarias e disposición a participar nelas.
- Toma de conciencia da forma de vida baseada na pobreza evanxélica pola que optaron moitos cristiáns e cristiás, relativizando a posesión de moitos bens superfluos.
- Mostra de interese polo servizo aos demais como parte da nosa misión no mundo

Educación para a paz:

- Valoración dos aspectos positivos que achegan todas as respostas relixiosas ás preguntas que se formulan as persoas.
- Coñecemento e comprensión das alternativas que ofrecen outras culturas.
- Integración da Civilización do Amor na vida diaria.

Educación para a saúde:

- Adquisición dun concepto integral de saúde, entendendo como parte dela a saúde afectiva.

Educación para a resolución pacífica de conflitos:

- Valoración da confianza mutua, da liberdade e do respecto para a consecución dunha convivencia pacífica.
- Aceptación da mensaxe evanxélica que convida a tratar o próximo como a un mesmo.

3.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA, ESTRATEXIAS, ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVES, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

3.1- METODOLOXÍA

A materia de Relixión Católica na ESO busca continuar profundando nos contidos traballados na Primaria, pero buscando un enfoque dinámico, pedagoxicamente renovado e aberto a novos recursos, especialmente á experiencia dos mozos e mozas. O libro está estruturado en sete unidades, correspondentes a preguntas fundamentais sobre o sentido da vida. En cada unha das unidades utilízase unha metodoloxía baseada nas competencias clave, que están detrás de todo o proceso de aprendizaxe e son programadas, traballadas e avaliadas:

A organización dos contidos correspóndese coa división nos bloques establecidos no novo

currículo de Relixión: a) O sentido relixioso do home; b) Deus intervén na historia; c) Xesús Cristo, cumprimento da historia da salvación; d) permanencia de Xesús Cristo na historia: a Igrexa.

As unidades ábrese coa invitación a traballar sobre unha imaxe ou cunha rutina de pensamento. Téñense en conta diferentes técnicas de traballo cooperativo e numerosas actividades baséanse nas intelixencias múltiples. A unidade complétase cun mapa mental que facilita a síntese dos contidos. Ofrecense actividades de avaliación competencial ao final de cada unidade.

O traballo coas novas tecnoloxías intégrase en cada unha das unidades nos apartados «Algo + que...» e ao longo das cuestións finais propostas en cada apartado, pero destaca o recurso do CD *Muros de luz*, que presenta pinturas murais baseadas en escenas bíblicas da Historia da Salvación, a partir das cales se realiza un traballo bíblico e de interioridade.

Tendo en conta todo iso a metodoloxía que se utilizará será a seguinte:

- Atender ás diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo.
- Utilizar o método indutivo/analítico e o dedutivo/sintético segundo sexa conveniente, ir do concreto o xeral ou do xeral o concreto
- Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de lectura (expositivo, descritivo, argumentativo, instrutivo, xornalístico) como textos de gráficos, táboas, mapas, follas informativas

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Entrega de exercicios

Lectura comprensiva de textos

Procuras en internet

Intercambio de opinión coa familia sobre temas concretos

Resumo

Opinión crítica ou persoal sobre textos

Definición de conceptos claves

Emprego de esquemas

Todo iso farase mediante:

TÉCNICAS DE TRABALLO COOPERATIVO

Propostas de colaboración para lograr non soamente os obxectivos propostos senón tamén unha mellora da actitude cara ás demais persoas

TRABALLO RREFLEXIVO

Tarefas para aprender a pensar.

DESTREZAS DE PENSAMENTO

Para fomentar o pensamento crítico e creativo:

- Mapas mentais e sínteses en cada unha das sete unidades.
- «Compara e contrasta» no apartado «Aprende a...».
- Inferencia nas preguntas introdutorias de cada unidade.

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

As actividades que se propoñen ao longo das unidades teñen en conta as intelixencias múltiples, ao ofrecer diversos modos de aprender.

Cada unidade iníciase cun enfoque preventivo, que serve para reforzar as ideas desde diversas formas de achegamento

DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

O apartado «Aprende a...» está especificamente dedicado ao desenvolvemento de diversas competencias.

As actividades finais de cada unidade están pensadas para permitir a avaliación competencial.

INTEGRACIÓN DAS TIC E MULTIMEDIA

En paralelo cos contidos de cada unidade, utilización recursos múltiples que ofrecen a posibilidade de ampliar os coñecementos por medio das TIC.

APRENDIZAXE

A aprendizaxe non se centra no teórico, senón que pon a mirada fóra da aula, para integrar os coñecementos adquiridos por diversos medios.

TESTEMUÑOS

Preséntase a experiencia de fe e de compromiso dalgún cristián ou cristiá para mover á reflexión e á profundización de coñecementos.

DIÁLOGO CON OUTRAS CULTURAS

Espazo de coñecemento doutras culturas a través das súas relixións. Establécense actividades colaborativas grupais, xunto a outras de investigación e reflexión individual.

TRABALLO DE INTERIORIDADE

A partir dunhas pinturas murais sobre a historia da salvación que se ofrecen en CD, realízase un traballo bíblico e de interioridade.

3.2.-ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E DO TEMPO

ESPAZO	TEMPO: 1 hora semanal
<ul style="list-style-type: none">- Aula: adaptable segundo as necesidades da actividade (utilización de encerado dixital, traballo en grupo etc.).- Espazos exteriores: indicados para o traballo en grupo, como as bibliotecas e para os momentos de reflexión persoal, como o ámbito parroquial na celebración dos sacramentos. Os museos ou salas de exposicións son útiles para a investigación e valoración das achegas do cristianismo á cultura; así mesmo, os espazos comunitarios de servizo que dependen da Igrexa son fonte de reflexión acerca da doutrina social.	

3.3.- MATERIAIS E RECURSOS

Libro do alumno

Libro dixital interactivo

Actividade da unidade

Esquemas da unidade

Recursos para a aula: recursos web, filmografía e biografía, fichas de competencias e para a adaptación curricular, vídeos, murais
Materiais para traballar a educación emocional
Ordenador
Encerado dixital
Lectura e comprensión de textos relacionados coa unidade
Fichas con actividades sobre como deben comportarse os católicos coas demais relixións
Ficha de completar frases partindo dunha sopa de letras sobre as relixións na historia.
Procuras na internet
Corrección de afirmacións
Comentarios de texto

3.4.- ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVES

Competencia en comunicación lingüística

A relixión sérvese da linguaxe académica, da linguaxe que conforman a cultura, así como da linguaxe propia da ensinanza relixiosa. O diálogo fe- cultura contribúe a esta competencia en canto que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, nos diversos modos de comunicación que acción de Deus utilizou sobre os homes. A súa revelación é rica nas distintas linguaxes: bíblica e a súa riqueza expresiva e simbólica, linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental, a linguaxe litúrxica e a súa proximidade ao linguaxe dos símbolos do pobo cristiá, a linguaxe testimonial que fai posíbel a transmisión vital do coñecido. Tamén se vale dos elementos cristiás da contorna do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Sérvese da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite de xeración en xeración.

Competencia para a autonomía e iniciativa persoal

A relixión aporta a esta competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, e por tanto, á cultura e a identidade persoal da persoa humana. Unha cosmovisión que fai posíbel a formación integral do estudante fronte a visións parciais. Axuda ao alumno a internarse no coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido.

Competencia cultural e artística

A relixión aporta unha valoración crítica da cultura a luz do evanxeo, motivando ao mesmo tempo o aprecio pola propia cultura e a estima doutras tradicións culturais e relixiosas. A cultura e historia europea occidental. E a propia historia e cultura española e galega, non poden comprenderse e asumirse si se prescinde do feito relixioso presente na cultura dos pobos. A expresión artística da fe segue colaborando na actualidade ao enriquecemento do patrimonio cultural.

Competencia da responsabilidade persoal e social

A relixión aporta a fundamentación e xerarquización dos valores e virtudes que contribúen a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posíbel a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade. Todo iso, como expresión do coñecemento de Deus revelado en Xesús Cristo. Iso leva a mellorar as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da persoa de Cristo e axudan a afrontar as situacións de conflitos mediante o diálogo, o perdón e a misericordia.

Competencia aprender a aprender

A relixión contribúe ao desenvolvemento desta competencia no estudo e reflexión da mensaxe

cristiá facilitando o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario, propondo non só unha proposta consensuada de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo a súas convicións, que o leva a procura da verdade e do ben.

Competencia social e cívica

A ensinanza da relixión aporta a fundamentación e xerarquización dos valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posíbel a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade. Da xustiza e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento do deus revelado en Xesús Cristo

4.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos, antes de comezar a unidade terase presente que todo o alumnado teña acceso os contidos do currículo. Para iso farémonos as seguintes pregunta: Que dificultades e potencialidades preveo no grupo durante o desenvolvemento da unidade; como vou minimizar as dificultades; que necesidades individuais preveo no desenvolvemento da unidade, que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais. A atención á diversidade de niveis, estilos, ritmos de aprendizaxe, de interese e de capacidade presente nas aulas reflíctese de varias formas:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR** (no «Material complementario»):
 - (BÁSICA): os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma pautada, con apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos.
 - (AMPLIACIÓN): fichas fotocopiabiles con actividades de maior dificultade na súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
 - **COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES**: contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias nas aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
 - **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
 - **ACTIVIDADES MULTINIVEL**: posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitáse traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a. Desta maneira favorécese unha división de tarefas entre os alumnos acorde aos seus intereses ou habilidades.
 - **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN**: traballos que permiten a ampliación da temática.
 - **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE**: o anexo final de «Textos bíblicos» serve tanto para facilitar o traballo con citas bíblicas especificadas na unidade, como para ampliar o contexto das mesmas e ofrecer ao alumnado un acicate para o achegamento ás fontes bíblicas.
- Cada unha das unidades conta tamén con numerosas propostas multimedia nos apartados «Algo + que...».

5.- PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Ao principio do curso e para información do profesor utilizaranse os seguintes procedementos:

- Proba escrita para dectertar os coñecementos

- Preguntas obxectivas de resposta breve , abertas
- Exposición oral dun tema partindo dun texto
- Resolución de exercicios partindo dun tema

Estes procedementos axudarannos a dectertar o nivel no que se atopan os alumnos, e descubrir as capacidades que ofrece cada un.

6.- PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN CONTINUA

Avaliación	Procedementos: Traballos individuais Actividades da unidade Resumos Esquemas da unidade Análises de textos
	Instrumentos: Libro do alumno Ligazóns a páx. Web Procuras en Internet Textos relacionados co tema
Cualificación	Exercicios suporá un 20% da nota - Esquemas das unidades ou resumo das ideas principais, suporá un 20% - Proba escrita suporá un 60% da nota

Faremos constar que a nota mínima nos exames é un dous (2) para facer media. En consecuencia, se nun exame hai unha nota inferior a un dous (2) non se fai media da nota de todos os exames, e sería un suspenso na avaliación, aínda que a media da suma total das notas dera un aprobado.

A nota da avaliación ordinaria obterase da media sumativa entre a primeira, segunda e terceira avaliación.

1.- Avaliación cada mes (ao acabar unha unidade didáctica) :

Para descubrir os progresos, posibles lagoas e si o alumno vai tendo espírito crítico, se é capaz de conceptualizar en ideas o aprendido.

2.- Avaliacións ao final de cada trimestre:

Para ir descubrindo o pograma de cara os obxectivos pretendidos e para descubrir posibles lagoas no alumno ou no profesor e así poñer os medios para correxir.

3.- Avaliación ao final do curso:

Detectar obxectivos logrados, obxectivos non conseguidos, lagoas a correxir, revisión de

sistemas didácticos utilizados, tanto no profesor como nos alumnos

4.- Actitude na aula e participación

5.- Actividades obrigatorias e voluntarias

6.- Traballos

Recuperación dunha avaliación

— Cada avaliación recupérase coa avaliación seguinte

— No caso de que non se superase algunha recuperación, propórase unha **proba final escrita** sobre contidos da avaliación ou as avaliacións en cuestión.

— Valorarase a presentación dun *dossier* de traballo con actividades referidas aos contidos mínimos do curso.

7.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- Exercicios suporá un 20% da nota

- Esquemas das unidades ou resumo das ideas principais, suporá un 20%

- Proba escrita suporá un 60% da nota

8.- PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

- As unidades dividiranse por trimestres

- Ao inicio de cada trimestre realizarase unha reunión para concretar: exercicios, traballos

- Cada mes realízase unha reunión para solucionar dúbidas e observar o desenvolvemento das actividades

- Entrega trimestral de actividades e traballos propostos e guiados polo profesor. Suporá un 40% da nota

- Ao final de cada trimestre realizárase unha proba escrita que suporá o 60% da nota

9.- PLAN ANUAL DE LECTURA. ESTRATEXIAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E A MELLORA DA EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.

PLAN ANUAL DE LECTURA

INTRODUCCIÓN

O proxecto lector é a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura, que se inclúe na Programación Xeral Anual. Temos presente os obxectivos expostos no PL:

- Fomentar o hábito da lectura
- Educar no uso crítico da información
- Recompilar e sistematizar as actividades realizadas e por realizar relativas aos dous obxectivos anteriores

A aportación do departamento de Relixión Católica que para o PAL 2019-20:

ITINERARIOS LECTORES

TÍTULO	CONTIDO
PODEROSA. DIARIO DE UNA CHICA QUE TENIA EL MUNDO EN SUS MANOS Sergio Klein	Joana Dalva, é unha chica adolescente, que transforma en realidade todo aquilo que escribe coa man esquerda TEMAS: Adolescencia, relacións familiares e sociais, crecemento persoal
MILENA O EL FÉMUR MÁS BELLO DEL MUNDO Jorge Zepeda Patterson	Milena convertida en escrava sexual dende a adolescencia, intenta fuxir cando morre o seu protector. Na fuga crúzase cos Azuís, un trío de xusticeiros formado por un periodista, unha política e un especialista en alta seguridade. Eles desexan liberala, pero Milena garda con receo un misterio no seu caderno negra que supón a súa salvación, e sobre todo, a súa vinganza TEMAS: Explotación e escravitude sexual, amor, corrupción, abuso de poder
TIERRA DE DIOS Francis Lee	Drama romántico no que o protagonista intenta evadirse dos seus problemas co alcohol e o sexo. A súa visión da vida cambia cando, ao comezo da primavera, chega á aldea un inmigrante rumano. TEMAS: Alcohol, homosexualidade, soidade, rexeitamento

PELÍCULAS

TÍTULO	CONTIDO
LOS MILAGROS DEL CIELO Patricia Riggen (EE.UU 2016)	Christy e Kevin Beam son pais de tres fillas nun rancho de Texas. De súpito, Anabel, padece un raro e incurable trastorno gastrointestinal, que os doutores minimizan sen chegar a dar solución. A súa nai fai todo o que está da súa man para axudala, pero sen resultados. Tras un accidente que case lle ocasiona a morte, Anabel, supera a enfermidade que deixa sen palabras a súa familia, médicos e a toda a comunidade. TEMAS: relixión, familia, sufrimento, esperanza, fe, espiritualidade
RARA Pepa San Martín (Chile 2016)	Historia baseada en feitos reais. Inspirada no caso da xuíz Karen Atala, lesbiana pública, que inicia a batalla legal pola tutela das fillas fronte o seu ex-home. TEMAS: Homofobia, discriminación, aceptación, amor, prexuízos sociais, fragilidade
EL SILENCIO DEL AGUA Sabiha Samur (Francia,	Ambientada en 1979, o filme narra o proceso dun mozo aparentemente moderno e progresista que, pouco a pouco, vaile dando entrada na súa mente e nas súas actitudes ao radicalismo relixioso. Ao tempo que desenvolve os profundos cambios do protagonista, conta o devir dun pai centrando a súa ollada no pobo

Alemania, Pakistán 2003)	TEMAS: Afastamento da muller, intolerancia, radicalismo relixioso, dereitos humanos
-----------------------------	--

NO PROXECTO LECTOR

Pola natureza da materia, na que se traballa frecuentemente con textos sagrados, a dinámica recae en exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal... e na realización de sínteses escritas ou exposición orais do texto traballado. Igualmente son frecuentes as lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como a interpretación de murais ou distintos traballos realizados polos alumnos/as que contribúen ao desenvolvemento da expresión oral.

ESTRATEGIAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E A MELLORA DA EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.

Lectura

- Lectura comprensiva de información sobre diversos temas relacionados coas unidades.
- Lectura comprensiva de información sobre outras relixións.
- Lectura comprensiva de fontes bíblicas.
- Lectura de información diversa procedente de páxinas web propostas para obter ou ampliar información, investigar e acceder a recursos *on-line*.
- Interese pola lectura de todo tipo de publicacións que acheguen á realidade global na que vivimos. Revistas, xornais, cómics...
- Lectura dramatizadas ou dramatizacións de escenas bíblicas ou de calquera outra situación que poida resultar significativa para os alumnos
- Utilización de estratexias de comprensión lectora:
 - Lectura silenciosa (autorregulación da comprensión).
 - Elaboración de síntese, esquemas e resumos (conciencia da propia comprensión).

Expresión

- Exposición oral e escrita en razoamentos, en actividades e traballos individuais, en actividades en grupo ...
- Expresión adecuada oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Exposición oral e escrita con diferentes finalidades: informar, instruír, compartir
- Aprendizaxe da lectura, a través do modelado da lectura en voz alta. Para iso o profesor lerá en voz alta, textos variados, para formar aos alumnos/as na necesidade de interpretar, declamar ou proclamar segundo sexa o tipo de texto. Tamén se busca modificar e mellorar o ton e o uso de elementos prosódicos propios da lectura en voz alta.

10.- ESTRATEGIAS PARA INCORPORAR AS TIC NA AULAS

Libro Dixital Interactivo	Libro proxectable que incorpora elementos de interactividade: actividades, ligazóns, animacións ...
Actividades interactivas	O alumno/a responde seleccionando a opción correcta, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta ... Ao finalizar, o programa informa dos acertos e erros, e dáse a oportunidade de corrixilos.
Ligazóns a Internet	Colección de ligazóns a Internet de alto interese: explicacións complementarias, actividades, curiosidades

Vídeos	Colección de fragmentos de vídeos que serven de apoio aos contidos do libro do alumno.
--------	--

11.- INDICADORES DE LOGROS PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DO DOCENTE

Indicadores	Valoración	Prosta de melloras
1.- Avaliación ao inicio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes		
2.- Detectar os coñecementos previos de cada unidade didáctica		
3.- Revisar a miúdo, os traballos propostos na aula e fóra dela		
4.- proporcionar a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como se poden mellorar		
5.- Correxir e explicar de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos/as, e dar pautas para mellorar o seu aprendizaxe		
6.- Utilizar suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos		
7.- Favorecer os procesos de autoavaliación e coevaluación		
8.- Propor novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente		
9.- Propor actividades de maior nivel cando os obxectivos alcanzáronse con suficiencia		
10.- Utilizar diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, nivel dos estudantes...		
11.- Empleo de diferentes medios para informar os pais e os alumnos dos resultados		

12.- INDICADORES DE LOGROS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación das clases e os materiais didácticos	Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases		
	Existe unha distribución temporal equilibrada		
	O desenvolvemento da clase		

	adecuouse ás características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta as aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre o profesorado.		
Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes		
	Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		

Verín, a 12 setembro de 2022